



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2024/5

SESIÓN ORDINARIA

DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 5 DE MARZO DE 2024

No día de hoxe, ás **20:34 horas**, baixo a presidencia do Alcalde Accidental (designado en virtude da Resolución da Alcaldía núm. 204 do 05/04/2024), reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión ordinaria**, do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

PP

ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE

ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO (PSdG-PSOE)
JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

GRUPO MIXTO (BNG)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido o Alcalde Accidental procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, das seguintes actas: sesión extraordinaria do 22.01.2024, ordinaria do 26.01.2024 e sesión extraordinaria e urxente do 08.02.2024.
- 2 Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico de Subvencións 2024/2026
- 3 Aprobación definitiva, se procede, da modificación da Relación de Postos de Traballo.
- 4 Aprobación inicial, se procede, da Modificación de Crédito 5/2024

Parte de control:

- 5 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 24/2024 á 166/2024.
- 6 Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL
- 7 Dación de conta dos informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria.
- 8 Dación de conta do expediente da Liquidación do Orzamento do 2024
- 9 Dación de conta do PMP relativo ao 4T 2023
- 10 Inclusión de mocións por razón de urxencia
- 11 Rogos e preguntas

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES.

O Alcalde Accidental sinala que vai someter a aprobación os borradores das Actas das seguintes sesións: extraordinaria, do 22.01.2024; ordinaria do 26/01/2024; e extraordinaria e urxente do 08.02.2024.

Explica que na acta do día 08.02.2024 hai que facer unha corrección na hora de inicio da sesión, xa que por un erro está recollida unha hora de inicio equivocada. A hora correcta serían as 20:32 horas.

Pregunta se hai algún tipo de observación ás mesmas.

2

O voceiro do Grupo Mixto explica, en relación á Acta do 08.02.2024, que quere que se recolla a intervención da Alcaldesa onde lle denomina "alcalde sucedáneo".

O Alcalde Accidental preguntalle ao voceiro do Grupo Mixto se trae por escrito a proposta de corrección da Acta.

O voceiro indica que non, pero que pode presentar unha emenda de viva voz.

O Alcalde Accidental considera que é mellor deixar sobre a mesa a aprobación da Acta do día 08.02.2024; para poder estudar a proposta do Grupo Mixto e poder elaborar a redacción concreta que debe incluírse na Acta.

O voceiro do Grupo Mixto manifesta a súa conformidade.

Ante a ausencia doutras observacións, somete os seguintes borradores das Actas a aprobación.

- *Acta da sesión extraordinaria do 22.01.2024*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión extraordinaria do 22.01.2024.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

– Acta da sesión ordinaria do 26/01/2024

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión ordinaria do 26/01/2024.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024/2026

A Alcaldía Accidental toma a palabra para indicar que se trae a aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024/2026, xa ditaminado favorablemente na Comisión Informativa.

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía Accidental á Secretaría-Interventora que proceda á lectura da parte dispositiva:

Plan Estratéxico de Subvencións 2024/2026

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 02/04/2024

Resultado da votación na CIAP:

4 votos a favor (GPM do PP)

3 abstencións (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

Asunto: Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026

Expediente: 2024/X998/000011

3

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2024-2026

Fundamentación Xurídica:

O artigo 8.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxectivo de axeitar as necesidades públicas a cubrir a través do outorgamento das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento.

En base aos antecedentes e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Lousame, para o período 2024-2026, que se recolle como Anexo a este acordo.

Segundo: Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica, para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar traslado do Plan Estratéxico de Subvencións aos órganos xestores, aos efectos oportunos>>

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Concello de Lousame

Anualidades 2024-2026

PREÁMBULO

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (*en adiante LXS*), unha parte importante da actividade financeira do sector pública é canalizada a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e o crecemento económico.

A LXS supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexen nesta Lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con esa finalidade, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan e, á vez, a Lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas, evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar esa eficacia, a lexislación prevé que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (*PES*), instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública. O PES terá un carácter plurianual e aprobarase con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles.

Ademais, a LXS sinala que cómpre establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte axeitado ao nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes; ou, no seu caso, ser eliminadas.

Dende a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo poden considerarse un mecanismo de colaboración entre a Administración Pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de diferente natureza, que se conceden mediante procedemento complexo, que deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Polo tanto o PES é o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

Contexto normativo

A xustificación da realización do PES ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral na Exposición de Motivos da LXS; e de forma específica, no mandato contido no artigo 8 da citada norma que preceptúa:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

“Os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”

Este artigo 8 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (*en adiante RXS*) sinalando cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido do PES, a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse do mesmo.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que:

“Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ...”

O presente Plan Estratéxico de Subvencións, é o segundo que se tramita e detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da corporación para os exercicios 2024, 2025 e 2026.

A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e o seu financiamento, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión; podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicios seguintes.

O marco normativo xeral complementábase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos. Polo disposto, o Concello de Lousame elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2024-2026) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA

O PES é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro, mediante a corrección das desviacións observadas. A súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

O PES ten carácter programático, sen rango normativo, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros. Establece unha decisión de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

Os potenciais beneficiarios non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

A efectividade do presente PES atópase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión ou o documento procedente.

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o PES debe ser uns instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal xeito que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS

A regulación xurídica en materia de subvencións, establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

- Principio de publicidade e libre concorrência, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrência e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar cas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.
- Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.
- Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

ARTIGO 4. ÁMBITO SUXECTIVO

O presente PES inclúe todas as subvencións concedidas polo Concello de Lousame, a través das diferentes Áreas Municipais.

De conformidade co artigo 2.2 da LXS non están incluídas no ámbito do presente plan, por non ter consideración de subvencións, as achegas monetarias que o Concello efectúe a outras Administracións Públicas ou entidades para financiar globalmente a actividade ou programa da Administración ou entidade á que vaia dirixida: *Programa Xantar na Casa, Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Delo, ARD Muros-Noia, asignacións aos Grupos Políticos Municipais, Asociación de Concellos do Camiño da Ría de Muros-Noia, FEMP, FEGAMP, etcétera.*

ARTIGO 5. ÁMBITO TEMPORAL. VIXENCIA. ACTUALIZACIÓN.

O PES terá unha vixencia de tres anualidades, e abranguerá o período 2024-2026; sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando novas liñas.

Ademais, anualmente á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, poderán modificarse, substituírse ou eliminarse as diferentes liñas de subvencións.

Dentro de cada una das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido; ben polos resultados dos informes de seguimento en canto á consecución de obxectivos ou á adecuación dos recursos investidos; ben por outros motivos, debidamente xustificadas.

Por outro lado, cando queira modificarse algunha das liñas de subvencións previstas no PES ou introducir algunha nova debe, con carácter previo ou simultáneo, modificarse o PES.

En cambio, non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que concluído o período de vixencia, non se houberse aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación do PES non está establecido na normativa; pero tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento son competencia do Pleno e que a previsión de aplicación é plurianual, por aplicación do artigo 22.2.e) sométese a aprobación do Pleno Corporativo, ao tratarse dun instrumento de planificación das actividades de subvencións e xestión económica.

As modificacións puntuais que sexa preciso acometer nos seus tres anos de vixencia, serán competencia da Alcaldía; que deberá dar conta ao Pleno Corporativo.

Unha vez aprobado será publicado no Taboleiro da Sede Electrónica, así como no BOP, para o seu xeral coñecemento.

ARTIGO 7. PUBLICACIÓN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Lousame, publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e Taboleiro da Sede Electrónica, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada.

O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

Beneficiarios:

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

Actividade subvencionable:

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

1. Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
2. Fomentar unha actividade de interese social
3. Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños
4. Colaborar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.
2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas de xeito nominativo nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.
3. Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras causas debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
4. Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Lousame por unha norma aplicable. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Os procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo até o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

- a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria, nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5. Criterios de valoración en función da natureza da subvención.
6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigacións dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

1. As previstas de xeito nominativo no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista de xeito nominativo nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.
2. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
3. Con carácter excepcional, aquelas outras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. EFECTOS A CONSEGUIR E PRAZOS DE EXECUCIÓN

Efectos a conseguir:

O PES pretende canalizar unha serie de actividades que permitan dar aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais, como profesionais ou de lecer. Por isto, a actividade subvencionadora do Concello de Lousame pretende:

1. Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre a entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
2. Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

8

Prazos de execución:

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible, a efectos de xustificación, o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberá aparecer así recollido nas bases reguladoras da subvención ou convenio regulador da mesma.

ARTIGO 11. CUSTOS PREVISIBLES. FINANCIAMENTO

Custos previsibles

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano, e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións (no suposto de concorrencia competitiva), ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da concesión ou acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra do gasto.

Os custos limitáanse á cantidade que anualmente se consigne no Orzamento do Concello de Lousame, sexa nos seus créditos iniciais ou modificacións posteriores.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gastos superiores ao seu importe.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Financiamento

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente.
2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.
3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- A. *Control económico-financieiro das subvencións concedidas.* Está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- B. *Control e seguimento do Plan.*

O PES debe ser controlado e seguido co obxecto de:

1. Actualizar ou modificar as liñas de subvencións que puidesen precisalo, para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.
2. Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

O seguimento realizarse anualmente polas diferentes Áreas Municipais, por conduto da súa Concellería-Delegada. Anualmente, cada Departamento, realizará unha Memoria Xustificativa que abordará os seguintes aspectos:

- a) Para cada subvención: obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- b) Información de cada liña e tipo de subvención: subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas ou en proceso de reintegro.
- c) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos no seu prazo de consecución, remitindo os indicadores de cumprimento deses obxectivos. Concretarase o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- d) Custos efectivos en relación aos previsibles.
- e) Conclusións e valoración global na que se analice a procedencia do mantemento/modificación da liña de subvención ou a supresión do programa.
- f) Suxestións para a elaboración do seguinte PES.

Darase conta ao Pleno Corporativo do conxunto destas Memorias Xustificativas.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións establécense como *indicadores* relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

- Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.
- Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización até que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

ARTIGO 13. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS

En aras a cumprimentar o principio de transparencia, todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatoria será publicadas anualmente no Taboleiro Electrónico, no Portal de Transparencia, así como na Base Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido no artigo 38 da LXS; con indicación da entidade receptora, contía da mesma e proxecto ou acción á que vai destinada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ARTIGO 14. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS

As liñas estratéxicas de actuación que estruturan o Plan anual das diferentes subvencións municipais, son as seguintes:

Liña estratéxica 1	Área de Servizos Sociais -Emerxencia social -Actividades de asociacións de carácter benéfico social
Liña estratéxica 2	Área de Deportes -Promoción do deporte, clubs deportivos -Actividades e eventos deportivos
Liña estratéxica 3	Área de Educación -Actividades e eventos educativos
Liña estratéxica 4	Área de Cultura e actividades festivas -Actividades de promoción cultural e festas tradicionais
Liña estratéxica 5	Área de Seguridade Cidadá -Protección Civil

Como ANEXO ao presente Plan Estratéxico de Subvencións desenvólvense as liñas estratéxicas de axudas municipais, cos seus obxectivos específicos, así coma os custes previsibles e resto de características.

ANEXO:

LIÑA ESTRATÉXICA 1.- ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS.

Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social
Obxectivos específicos	1.- Promoción da autonomía e atención de persoas en situación ou risco de dependencia, co fin de evitar o seu illamento, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual. 2.- Promoción da integración social de persoas e colectivos desfavorecidos 3.- Fomento do debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social
Liñas de Subvención	LS 1.1 Axudas de emerxencia social LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social.

10

LS 1.1 Axudas de emerxencia social:

Área	Servizos Sociais
Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos	Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual
Efectos que se pretenden conseguir	Autonomía persoal e atención
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custos previsibles e financiamento	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 231.48000, 5.000,00 €.
Plan de Acción	Réxime de concesión directa. Presentadas as solicitudes en forma, previo informe dos Servizos Sociais, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución da Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase despois e adoptará a forma de conta xustificativa, coa documentación que se esixa.
Seguimento e avaliación	- % de persoas reinsertadas seguindo algún plan proposto por Servizos Sociais - % de beneficiarios que melloraron a súa situación por outros medios diferentes á subvención, seguindo algún plan proposto por Servizos Sociais - Número de solicitudes tramitadas - Número de solicitudes denegadas
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Área	Servizos Sociais
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia
<i>Obxectivos</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a colaboración con ditas entidades - Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Contribuír á mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de dependencia, facilitando a súa socialización no seu entorno habitual
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 231.48000: <ul style="list-style-type: none"> - Cáritas Parroquial: 1.500,00 € - A Misela: 2.000,00 € - A Creba: 1.500,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - % de beneficiarios por axuda - % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 2.- ÁREA DE DEPORTES.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar, difundir e promocionar o deporte, adestramento e sacrificio; así como as prácticas saudables entre a poboación, especialmente entre a xuventude.
<i>Obxectivos específicos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional 2.- Fomentar o deporte 3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame

11

LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame:

Área	Deportes
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades deportivas do Concello de Lousame sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional 2.- Fomentar o deporte 3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Práctica do deporte
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 341.48000: <ul style="list-style-type: none"> - Nominativa: CF Lousame: 1.500,00 € - Nominativa: Lesende CF: 1.500,00 € - Nominativa: Asociación Deportiva Taekwondo Lousame: 1.000,00 € - Nominativa: Clube BTT O Treito: 1.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<i>Seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiadas - Número de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria - Número de competicións nas que participou cada entidade beneficiaria - Número de deportes promocionados - Número de beneficiarios participantes en competicións internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e locais - % incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior. - Premios acadados polos beneficiarios
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 3.- ÁREA DE EDUCACIÓN.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Potenciar actividades formativas ou outro tipo de actividades de crecemento persoal, baseadas en valores que sexan complementarios da educación; favorecendo a participación das familias na vida escolar
<i>Obxectivos específicos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Potenciar a figura da ANPA e do Centro Educativo Público no Concello 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos 3.- Apoiar ás familias nos custos derivados da Educación 4.- Fomento de actividades extraescolares
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 3.1 Axudas a entidades educativas

LS 3.1 Axudas a entidades educativas:

<i>Área</i>	Educación
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades Educativas sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Apoiar a educación 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos 3.- Fomento das actividades extraescolares
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Estimular ao alumnado e aumentar o grao de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de nais e pais nos centros educativos.
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 337.48000 - ANPA Alecrín: 1.500,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - % de beneficiarios por axuda - % de beneficiarios que melloraron a súa situación educativa con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 4.- ÁREA DE CULTURA E ACTIVIDADES FESTIVAS.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar, difundir e promocionar a tradición e a cultura
<i>Obxectivos específicos</i>	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Potenciar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade. 2.- Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera. 3.- Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións culturais do Concello e das súas diferentes parroquias.
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais. LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	patronais ou parroquiais.
--	---------------------------

LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais:

Área	Cultura
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar actividades culturais - Fomentar a participación da cidadanía na cultura e a súa difusión - Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etcétera. - Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.
Efectos que se pretenden conseguir	Desenvolvemento cultural
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custos previsibles e financiamento	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 334.48000 e 337.48000: <ul style="list-style-type: none"> - Nominativa: O Son do Pote: 1.500,00 € - Nominativa: Asociación Prudencio Romo: 15.000,00 € - Nominativa: Clube de Xubilados do Concello de Lousame: 3.000,00 €.
Plan de Acción	<u>Réxime de subvencións nominativas.</u> Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiarias - Número de participantes por cada actividade - Número de accións de difusión realizadas - % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior - % de incremento de participantes por acción, respecto ao ano anterior
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

13

LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais ou parroquiais:

Área	Cultura
Sectores aos que se dirixen as axudas	Organizadores de festas patronais parroquiais
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar actividades relativas á festividade patronal ou parroquial - Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos de interese parroquial - Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e memoria colectiva - Creación de eventos para a convivencia lúdica e cultural
Efectos que se pretenden conseguir	Desenvolvemento de festexos populares
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custos previsibles e financiamento	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 338.48000: 3.600,00 €
Plan de Acción	<u>Réxime de concesión directa pola súa dificultade na convocatoria pública:</u> Aprobado o Orzamento Municipal, os interesados presentarán as súas solicitudes, coa documentación que en cada caso se sinala. O importe que se concederá será o de 150,00 € por cada día de festa con orquestra; e até esgotar o crédito total previsto no Orzamento.
Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - Número de entidades beneficiarias - Número de participantes por cada evento
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

LIÑA ESTRATÉXICA 5.- ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Desenvolver accións que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Obxectivos específicos</i>	Actividades que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lousame

LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lousame:

<i>Área</i>	Seguridade Cidadá
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lousame
<i>Obxectivos</i>	- Actividades que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Seguridade Cidadá
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 135.48000: 6.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	- Número de voluntarios - Número de beneficiarios polas actividades realizadas - Número de intervencións realizadas - % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior - % de incremento de beneficiarios por acción, respecto ao ano anterior
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

14

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía Accidental apertura a quenda de intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE toma a palabra. Sen ben considera que todas as subvencións teñen a súa finalidade existen certas disparidades en función do tipo de axuda e tipo de asociacións que son. As asociacións culturais reciben unha maior aportación e deberán xustificar axeitadamente as súas intervencións, sobre todo as actividades que van realizar. Moitas veces, hai asociacións que ademais das axudas que teñen como base teñen outras subvencións ou o Concello lles facilita actividades adicionais que van a cargo doutros orzamentos do Concello. O Plan de Acción inclúe unha concesión directa para grupos de festas patronais que lles parece insuficiente. Non é que lles pareza insuficiente pola cantidade senón porque se vinculen estas á presenza de orquestra na festa. As festas patronais son parte da identidade de cada parroquia e da igual que exista orquestra ou non. Deberíase axudar igualmente, aínda que os veciños en vez dunha orquestra contraten un grupo de gaitas, unha charanga... Así a subvención permitiríalles ter certas actividades na sesión vermú, e non obrígalos a ter unha orquestra para poder recibir a subvención. As festas son parte da nosa cultura, e estanse perdendo. É unha pena que o Concello non aporte un pouco máis. Debíamos garantirlles que van contar co apoio do Concello se unha parroquia decide por en marcha unha festa patronal, sexa luns ou martes, teña orquestra ou non... Porque cada vez as orquestras son máis caras e supoñen un desembolso moi importante para os veciños. Pero si poderían contratar pequenos grupos que



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Esteban Ares García (FECHA: 12/07/2024 10:43:00) , Paula Ares Otero (FECHA: 12/07/2024 14:48:00)

Versión imprimible

CVD: H1yFWNehS5kp8fBD7wr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

lles amenice a sesión que organicen.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que quere introducir unha emenda ao Plan Estratéxico de Subvencións, achegando a súa proposta por escrito. A emenda ten como obxecto modificar o xeito de outorgar as subvencións ás Comisións de Festas.

A Alcaldía Accidental fai un receso na sesión plenaria, co obxecto de poder estudar a emenda con atención e ver as consecuencias que implica.

Tras finalizar o receso plenario, a Alcaldía Accidental explica que non se vai ter en conta a emenda xa que ese punto en cuestión ao que se refire o voceiro do Grupo Mixto non é máis que un resumo da regulación contida nas Bases de Execución do Orzamento, que xa foi aprobado na anterior sesión plenaria. Polo tanto, a modificación teríase que levar a cabo nas Bases de Execución do Orzamento, non a través do Plan Estratéxico de Subvencións. Dito isto, pídelles ao voceiro do Grupo Mixto que continúe coa súa intervención.

O voceiro do Grupo Mixto coincide coa voceira do PSdG-PSOE que existe disparidade coas subvencións que se dan. Hai asociacións que tamén acoden ao financiamento da Deputación da Coruña, e dáselles unha cantidade bastante elevada. Comparan a subvención que se lle da ao Clube de Xubilados (3.000 €) e a que se lle da á ANPA (1.500 €). Consideran que deberían ter a mesma contía que o Clube de Xubilados, posto que considera importante investir en educación. Tamén lle parece que irrisoria a contía que se lle da ás festas. Tamén pregunta se existe Cáritas Parroquial en Lousame. Que el saiba, Cáritas Parroquial é de Noia, non de Lousame. Dáselles 1.500 euros, e gustaríalle saber a cantas persoas en Lousame atende Cáritas. Considera que a Igrexa xa ten bastantes fondos como para que dende o Concello se lle dea máis.

O Alcalde Accidental intervéñen para sinalar que está de acordo co mantemento das festas tradicionais. Pode existir un criterio dispar no xeito de distribuír esas axudas. Como xa se explicou o Plan Estratéxico ten un contido programático. Os cartos son os que son e hai que repartilos o mellor que se pode. Cada un ten a súa opinión, e seguramente a oposición faría un reparto distinto deses fondos. En relación ao tema das orquestras, quere recordar o que se falou durante o receso. O Plan Estratéxico recolle esa regulación porque está relacionado coas Bases de Execución do Orzamento, xa aprobadas. Invítaos a que plantexen a cuestión doutra maneira, solicitando a modificación do Orzamento, se así o consideran oportuno, porque é aí onde hai que facer os cambios; non no Plan Estratéxico de Subvencións. O Plan pódese cambiar, é un documento programático, non é inamovible.

Respecto á intervención do voceiro do Grupo Mixto, que considera que hai que dar máis cartos á ANPA, tamén hai que pensar a quen se lle quitan para facer ese incremento... Non só é incrementar a contía que se lle da á ANPA. Lousame ten os ingresos que ten, e ten o orzamento que ten. E co crédito que se dispón hai que tentar facer o mellor reparto posible. Cada subvención recibe unha cantidade, en función das actividades que fan, en función do que aportan ao interese xeral do Concello. É un criterio que se segue dende este Concello, entende que lles poida parecer mellor ou peor, pero o Plan Estratéxico non impide que se poidan cambiar as contías dun ano para outro. É unha programación que é obrigado aprobar e ter. E todas as propostas que faga a oposición, serán escoitadas.

A voceira do PSdG-PSOE comenta que o equipo de goberno decide a quen se lle asignan as subvencións, e as contías. Eles non están de acordo, e nese sentido irá o seu voto.

O voceiro do Grupo Mixto insiste que propuxo dous cambios para introducir. Recorda que hai algunha entidade que tamén recibe cartos da Deputación e non é quen de xustificar a axuda que recibe... Polo tanto o PP é quen goberna e reparten os cartos como lles da a gana, sen contar coa oposición. Non ten máis nada que dicir.

O Alcalde Accidental explica que non reparten os cartos como lles da a gana. Senón porque consideran que





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

é o mellor reparto que poden facer co crédito do que dispoñen. Outro tema é que á oposición non lle guste, ou teña outra opinión do reparto. Pero este é outro tema diferente. Pero iso non significa que o equipo de goberno faga o que lle da a gana e reparta os cartos a libre albedrío. Todo ten un sentido, un programa e unha intención. Preténdese dar o máximo posible á maior cantidade de asociacións posibles. Ogallá se puidera máis cantidade. Ogallá se lle puidese subir á ANPA... Pero agora mesmo para subir á ANPA habería que quitarlle a outra asociación...

Finalizada a quenda de intervencións, somete o asunto a votación.

Realizada a votación o resultado é o seguinte: cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto).

Ao existir empate, é preciso realizar unha segunda votación. Realizada a segunda votación o resultado é idéntico á primeira: 5 votos a favor (GPM do PP) e 5 votos en contra (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), mediante o voto de calidade da Alcaldía Accidental (a favor), e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

Asunto: Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026
Expediente: 2024/X998/000011

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2024-2026

16

Fundamentación Xurídica:

O artigo 8.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxectivo de axeitar as necesidades públicas a cubrir a través do outorgamento das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento.

En base aos antecedentes e fundamentos expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Lousame, para o período 2024-2026, que se recolle como Anexo a este acordo.

Segundo: Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica, para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar traslado do Plan Estratéxico de Subvencións aos órganos xestores, aos efectos oportunos>>

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Concello de Lousame

Anualidades 2024-2026

PREÁMBULO

Segundo a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (*en adiante LXS*), unha parte importante da actividade financeira do sector pública é canalizada a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e o crecemento económico.

A LXS supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexen nesta Lei, recollido tamén na normativa de estabilidade orzamentaria, é o de transparencia. Con esa finalidade, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan e, á vez, a Lei establece a obrigaçión de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas, evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar esa eficacia, a lexislación prevé que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (*PES*), instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública. O PES terá un carácter plurianual e aprobarase con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións, cos recursos dispoñibles.

Ademais, a LXS sinala que cómpre establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte axeitado ao nivel de recursos investidos, poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes; ou, no seu caso, ser eliminadas.

Dende a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo poden considerarse un mecanismo de colaboración entre a Administración Pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de diferente natureza, que se conceden mediante procedemento complexo, que deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

Polo tanto o PES é o complemento necesario para articular a concesión de subvencións, con respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Contexto normativo

A xustificación da realización do PES ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral na Exposición de Motivos da LXS; e de forma específica, no mandato contido no artigo 8 da citada norma que preceptúa:

“Os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”

Este artigo 8 da LXS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (en adiante RXS) sinalando cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido do PES, a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse do mesmo.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que:

“Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ...”

O presente Plan Estratéxico de Subvencións, é o segundo que se tramita e detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da corporación para os exercicios 2024, 2025 e 2026.

A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e o seu financiamento, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión; podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicios seguintes.

O marco normativo xeral complementase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Polo disposto, o Concello de Lousame elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2024-2026) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA

O PES é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materialización dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro, mediante a corrección das desviacións observadas. A súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

O PES ten carácter programático, sen rango normativo, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros. Establece unha decisión de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

Os potenciais beneficiarios non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

A efectividade do presente PES atopase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión ou o documento procedente.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o PES debe ser uns instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal xeito que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS

A regulación xurídica en materia de subvencións, establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

- f) Principio de publicidade e libre concorrència, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar cas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.
- g) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- h) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.
- i) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.
- j) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

19

ARTIGO 4. ÁMBITO SUXECTIVO

O presente PES inclúe todas as subvencións concedidas polo Concello de Lousame, a través das diferentes Áreas Municipais.

De conformidade co artigo 2.2 da LXS non están incluídas no ámbito do presente plan, por non ter consideración de subvencións, as achegas monetarias que o Concello efectúe a outras Administracións Públicas ou entidades para financiar globalmente a actividade ou programa da Administración ou entidade á que vaia dirixida: *Programa Xantar na Casa, Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Deloa, ARD Muros-Noia, asignacións aos Grupos Políticos Municipais, Asociación de Concellos do Camiño da Ría de Muros-Noia, FEMP, FEGAMP, etcétera.*

ARTIGO 5. ÁMBITO TEMPORAL. VIXENCIA. ACTUALIZACIÓN.

O PES terá unha vixencia de tres anualidades, e abranguerá o período 2024-2026; sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando novas liñas.

Ademais, anualmente á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, poderán modificarse, substituírse ou eliminarse as diferentes liñas de subvencións.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Dentro de cada una das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido; ben polos resultados dos informes de seguimento en canto á consecución de obxectivos ou á adecuación dos recursos investidos; ben por outros motivos, debidamente xustificadas.

Por outro lado, cando queira modificarse algunha das liñas de subvencións previstas no PES ou introducir algunha nova debe, con carácter previo ou simultáneo, modificarse o PES.

En cambio, non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que concluído o período de vixencia, non se houberse aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación do PES non está establecido na normativa; pero tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento son competencia do Pleno e que a previsión de aplicación é plurianual, por aplicación do artigo 22.2.e) sométese a aprobación do Pleno Corporativo, ao tratarse dun instrumento de planificación das actividades de subvencións e xestión económica.

As modificacións puntuais que sexa preciso acometer nos seus tres anos de vixencia, serán competencia da Alcaldía; que deberá dar conta ao Pleno Corporativo.

Unha vez aprobado será publicado no Taboleiro da Sede Electrónica, así como no BOP, para o seu xeral coñecemento.

ARTIGO 7. PUBLICACIÓN

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Lousame, publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e Taboleiro da Sede Electrónica, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada.

O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

Beneficiarios:

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

Actividade subvencionable:

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

5. Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
6. Fomentar unha actividade de interese social
7. Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños
8. Colaborar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

5. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.
6. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas de xeito nominativo nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.
7. Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras causas debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
8. Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Lousame por unha norma aplicable. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Os procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo até o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

21

- c) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria, nos procedementos de concorrencia deberán conter:

11. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
12. Beneficiarios.
13. Requisitos formais da solicitude.
14. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
15. Criterios de valoración en función da natureza da subvención.
16. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
17. Órgano competente para resolver.
18. Dereitos e obrigacións dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
19. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
20. Requisitos e forma de pago da subvención.

- d) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

4. As previstas de xeito nominativo no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista de xeito nominativo nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

5. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
6. Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. EFECTOS A CONSEGUIR E PRAZOS DE EXECUCIÓN

Efectos a conseguir:

O PES pretende canalizar unha serie de actividades que permitan dar aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais, como profesionais ou de lecer. Por isto, a actividade subvencionadora do Concello de Lousame pretende:

3. Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre a entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
4. Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Prazos de execución:

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible, a efectos de xustificación, o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberá aparecer así recollido nas bases reguladoras da subvención ou convenio regulador da mesma.

ARTIGO 11. CUSTOS PREVISIBLES. FINANCIAMENTO

Custos previsibles

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan estratéxico requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano, e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvencións (no suposto de concorrencia competitiva), ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da concesión ou acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra do gasto.

Os custos límitanse á cantidade que anualmente se consigne no Orzamento do Concello de Lousame, sexa nos seus créditos iniciais ou modificacións posteriores.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gastos superiores ao seu importe.

Financiamento





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

4. Existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente.
5. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.
6. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

C. *Control económico-financeiro das subvencións concedidas.* Está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

D. *Control e seguimento do Plan.*

O PES debe ser controlado e seguido co obxecto de:

3. Actualizar ou modificar as liñas de subvencións que puidesen precisalo, para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.
4. Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

O seguimento realizarse anualmente polas diferentes Áreas Municipais, por conduto da súa Concellería-Delegada. Anualmente, cada Departamento, realizará unha Memoria Xustificativa que abordará os seguintes aspectos:

- g) Para cada subvención: obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- h) Información de cada liña e tipo de subvención: subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas ou en proceso de reintegro.
- i) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos no seu prazo de consecución, remitindo os indicadores de cumprimento deses obxectivos. Concretarase o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- j) Custos efectivos en relación aos previsibles.
- k) Conclusións e valoración global na que se analice a procedencia do mantemento/modificación da liña de subvención ou a supresión do programa.
- l) Suxestións para a elaboración do seguinte PES.

Darase conta ao Pleno Corporativo do conxunto destas Memorias Xustificativas.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións establécense coma *indicadores* relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

- Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.
- Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización até que non se realice polos xestores o envío da información anterior.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ARTIGO 13. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS

En aras a cumprimentar o principio de transparencia, todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatoria será publicadas anualmente no Taboleiro Electrónico, no Portal de Transparencia, así como na Base Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido no artigo 38 da LXS; con indicación da entidade receptora, contía da mesma e proxecto ou acción á que vai destinada.

ARTIGO 14. LIÑAS DE SUBVENCIONS

As liñas estratéxicas de actuación que estruturan o Plan anual das diferentes subvencións municipais, son as seguintes:

Liña estratéxica 1	Área de Servizos Sociais -Emerxencia social -Actividades de asociacións de carácter benéfico social
Liña estratéxica 2	Área de Deportes -Promoción do deporte, clubs deportivos -Actividades e eventos deportivos
Liña estratéxica 3	Área de Educación -Actividades e eventos educativos
Liña estratéxica 4	Área de Cultura e actividades festivas -Actividades de promoción cultural e festas tradicionais
Liña estratéxica 5	Área de Seguridade Cidadá -Protección Civil

Como ANEXO ao presente Plan Estratéxico de Subvencións desenvólvense as liñas estratéxicas de axudas municipais, cos seus obxectivos específicos, así coma os custes previsibles e resto de características.

24

ANEXO:

LIÑA ESTRATÉXICA 1.- ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS.

Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social
Obxectivos específicos	1.- Promoción da autonomía e atención de persoas en situación ou risco de dependencia, co fin de evitar o seu illamento, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual. 2.- Promoción da integración social de persoas e colectivos desfavorecidos 3.- Fomento do debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social
Liñas de Subvención	LS 1.1 Axudas de emerxencia social LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social.

LS 1.1 Axudas de emerxencia social:

Área	Servizos Sociais
Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos	Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Autonomía persoal e atención
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 231.48000, 5.000,00 €.
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de concesión directa. Presentadas as solicitudes en forma, previo informe dos Servizos Sociais, resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución da Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase despois e adoptará a forma de conta xustificativa, coa documentación que se esixa.
<i>Seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - % de persoas reinsertadas seguindo algún plan proposto por Servizos Sociais - % de beneficiarios que melloraron a súa situación por outros medios diferentes á subvención, seguindo algún plan proposto por Servizos Sociais - Número de solicitudes tramitadas - Número de solicitudes denegadas
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social:

<i>Área</i>	Servizos Sociais
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia
<i>Obxectivos</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Promover a colaboración con ditas entidades - Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Contribuír á mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de dependencia, facilitando a súa socialización no seu entorno habitual
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 231.48000: <ul style="list-style-type: none"> - Cáritas Parroquial: 1.500,00 € - A Misela: 2.000,00 € - A Creba: 1.500,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - % de beneficiarios por axuda - % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 2.- ÁREA DE DEPORTES.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar, difundir e promocionar o deporte, adestramento e sacrificio; así como
--------------------------------	---



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	as prácticas saudables entre a poboación, especialmente entre a xuventude.
<i>Obxectivos específicos</i>	1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional 2.- Fomentar o deporte 3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame

LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame:

<i>Área</i>	Deportes
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades deportivas do Concello de Lousame sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>	1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional 2.- Fomentar o deporte 3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Práctica do deporte
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 341.48000: – Nominativa: CF Lousame: 1.500,00 € – Nominativa: Lesende CF: 1.500,00 € – Nominativa: Asociación Deportiva Taekwondo Lousame: 1.000,00 € – Nominativa: Clube BTT O Treito: 1.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	<u>Réxime de subvencións nominativas.</u> Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– Número de entidades beneficiadas – Número de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria – Número de competicións nas que participou cada entidade beneficiaria – Número de deportes promocionados – Número de beneficiarios participantes en competicións internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e locais – % incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior. – Premios acadados polos beneficiarios
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

26

LIÑA ESTRATÉXICA 3.- ÁREA DE EDUCACIÓN.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Potenciar actividades formativas ou outro tipo de actividades de crecemento persoal, baseadas en valores que sexan complementarios da educación; favorecendo a participación das familias na vida escolar
<i>Obxectivos específicos</i>	1.- Potenciar a figura da ANPA e do Centro Educativo Público no Concello 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos 3.- Apoiar ás familias nos custos derivados da Educación



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	4.- Fomento de actividades extraescolares
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 3.1 Axudas a entidades educativas

LS 3.1 Axudas a entidades educativas:

<i>Área</i>	Educación
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades Educativas sen ánimo de lucro
<i>Obxectivos</i>	1.- Apoiar a educación 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos 3.- Fomento das actividades extraescolares
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Estimular ao alumnado e aumentar o grao de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de nais e pais nos centros educativos.
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 337.48000 – ANPA Alecrín: 1.500,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarase a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– % de beneficiarios por axuda – % de beneficiarios que melloraron a súa situación educativa con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 4.- ÁREA DE CULTURA E ACTIVIDADES FESTIVAS.

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Apoiar, difundir e promocionar a tradición e a cultura
<i>Obxectivos específicos</i>	1.- Potenciar actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade. 2.- Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera. 3.- Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións culturais do Concello e das súas diferentes parroquias.
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais. LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais ou parroquiais.

LS 4.1 Subvencións dirixidas ás entidades en ánimo de lucro do Concello de Lousame, que organicen actividades culturais:

<i>Área</i>	Cultura
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etcétera.
<i>Obxectivos</i>	– Organizar actividades culturais – Fomentar a participación da cidadanía na cultura e a súa difusión – Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto,





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	memoria colectiva, etcétera. – Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Desenvolvemento cultural
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 334.48000 e 337.48000: – Nominativa: O Son do Pote: 1.500,00 € – Nominativa: Asociación Prudencio Romo: 15.000,00 € – Nominativa: Clube de Xubilados do Concello de Lousame: 3.000,00 €.
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarase a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– Número de entidades beneficiarias – Número de participantes por cada actividade – Número de accións de difusión realizadas – % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior – % de incremento de participantes por acción, respecto ao ano anterior
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LS 4.2 Subvencións dirixidas ás entidades do Concello de Lousame que organicen festas patronais ou parroquiais:

<i>Área</i>	Cultura
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Organizadores de festas patronais parroquiais
<i>Obxectivos</i>	– Organizar actividades relativas á festividade patronal ou parroquial – Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos de interese parroquial – Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e memoria colectiva – Creación de eventos para a convivencia lúdica e cultural
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Desenvolvemento de festexos populares
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 338.48000: 3.600,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de concesión directa pola súa dificultade na convocatoria pública: Aprobado o Orzamento Municipal, os interesados presentarán as súas solicitudes, coa documentación que en cada caso se sinala. O importe que se concederá será o de 150,00 € por cada día de festa con orquestra; e até esgotar o crédito total previsto no Orzamento.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– Número de entidades beneficiarias – Número de participantes por cada evento
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

LIÑA ESTRATÉXICA 5.- ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<i>Obxectivos estratéxicos</i>	Desenvolver accións que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Obxectivos específicos</i>	Actividades que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Liñas de Subvención</i>	LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lousame

LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lousame:

<i>Área</i>	Seguridade Cidadá
<i>Sectores aos que se dirixen as axudas</i>	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lousame
<i>Obxectivos</i>	– Actividades que garantan a seguridade da cidadanía
<i>Efectos que se pretenden conseguir</i>	Seguridade Cidadá
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	Indeterminado
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 135.48000: 6.000,00 €
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarase a subvención na forma prevista.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– Número de voluntarios – Número de beneficiarios polas actividades realizadas – Número de intervencións realizadas – % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior – % de incremento de beneficiarios por acción, respecto ao ano anterior
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

3) APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía Accidental á Secretaria-Interventora, que proceda á lectura da parte dispositiva:

Aprobación definitiva modificación da Relación de Postos de Trabajo

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 02/04/2024

Resultado da votación na CIAP:
4 votos a favor (GPM do PP)
3 abstencións (GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto)

“Asunto: Aprobación da modificación da Relación de Postos de Trabajo do Concello de Lousame
Expediente: 2023/X998/000091

O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao en base aos seguintes



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Antecedentes Administrativos:

